



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN
DA XUNTA DE GALICIA E O CENTRO GALLEGO DE MONTEVIDEO, URUGUAI,
PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN DA ESTRUCTURA QUE
SUSTENTA O TANQUE DE AUGA DO POLIDEPORTIVO.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar co Centro Gallego de de Montevideo (Uruguai) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o presente Convenio é coherente co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, correspondéndose co o seu Eixe E2: “Benestar das persoas e as familias e cohesión social” así como co seu obxectivo estratéxico OE02: “Impulsar os sevizos sociais e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como aos retornados, para garantir o seu benestar. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza das persoas inmigrantes e calquera forma de discriminación”.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: o marco de colaboración entre as entidades asinantes para a realización das obras necesarias para reparar a estrutura que sustenta o tanque de auga do Parque Social e Polideportivo do Centro Gallego de Montevideo, Uruguai.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:





O Centro Gallego Montevideo é unha entidade sen ánimo de lucro, rexistrada como comunidade galega no Rexistro da Galeguidade con 864 socios, dos cales máis do 92% son persoas galegas, e ten por obxecto fomentar e estreitar os vínculos entre os galegos residentes na República Oriental do Uruguai con Galicia e coa súa cultura, destacando sempre polas súas actividades no terreo cultural e social. Este centro, fundado no ano 1879, é o centro en funcionamento máis antigo do mundo, e un centro histórico de referencia para a galeguidade.

A sede social foi construída en 1923 e é un dos pazos máis fermosos de Montevideo no que se atopa o teatro Valle-Inclán, a Sala Rosalía de Castro, a biblioteca Concepción Arenal, a sala de lectura Castelao e varias salas de reunións, xogos e ensaios.

No ano 1994 foi inaugurado o Parque Social e Complejo Polideportivo na zona residencial de Carrasco que conta cun edificio social, importantes instalacións de recreo, campos de deportes, piscinas, etc, co afán de unificar a toda a colectividade galega residente no Uruguai, pero especialmente aos mozos descendentes de galegos a través de distintas actividades deportivas, sociais e culturais.

Polo transcurso dos anos e o grao de deterioro, detéctase a necesidade de reparar a estrutura que sustenta o tanque de auga do Parque Social e Polideportivo, xa que o déficit estrutural e as patoloxías que presenta constitúen unha ameaza, cun perigo real, de derrube. A entidade non pode asumir cos seus ingresos propios a totalidade do custo desta acción, que segundo o informe técnico presentado, supón un importe de máis de 43.000€.

A Secretaría Xeral da Emigración achegará para o financiamento dos gastos derivados do desenvolvemento das accións recollidas neste convenio un total de trinta mil euros (30.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.781.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

A previsión, con carácter excepcional, da xustificación de pagos de gastos de escasa contía por importe inferior a 1.000 € mediante o recibo do provedor fundaméntase, por unha banda, na propia natureza da entidade sen fin de lucro, e na tipoloxía dos gastos que se subvencionan que teñen que afrontar con carácter inmediato, mediante o seu pagamento en efectivo a través da caixa da propia entidade, e por outra, pola propia





operativa do sistema bancario e da normativa do país que non obriga a efectuar o pago deste tipo de gastos a través de entidades bancarias, admitindo como xustificante de pago a propia factura, sen máis, posto que esta non se emite ata que estea efectuado o seu pagamento, e os provedores dos bens ou servizos non efectúan o subministro se non se lle fai o pago en efectivo.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4 c). da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público , ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

